1.- Os alumnos que se someten a avaliación continua serán avaliados conforme aos criterios que se indicaron máis arriba: proba final (60%), probas de resposta curta ou test (20%) e seminarios (20%). Na proba final, o exame de teoría e oral suporá o 80% e o práctico, por escrito, suporá un 20%. En todo caso, o alumnado deberá alcanzar unha cualificación mínima de 4 sobre 10 na proba final para que se lle teñan en conta as cualificacións obtidas mediante o sistema de avaliación continua. Os alumnos/as que se someten a avaliación continua teñen a posibilidade de optar, no prazo establecido pola docente, pola realización da proba final teórica de modo escrito. Para iso deberán incluír o seu nome na listaxe que se lles facilitará semanas antes da data de realización da proba final. Recibiranse indicacións ao respecto a través da plataforma FAITIC. Para ser avaliado de forma continua é necesaria a asistencia as clases teóricas e prácticas con regularidade (en ningún caso a inasistencia a clase poderá ser superior ao 10% das horas de docencia)

2.- Alumnos que NON se someten a avaliación continua, ou que queden excluídos do devandito sistema: a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 30% da cualificación obtida no exame práctico escrito, sendo este último diferente ao que realicen os alumnos de avaliación continua. Estes alumnos teñen a posibilidade de optar, no prazo establecido pola docente, pola realización da proba final teórica de modo escrito. Para iso deberán incluír o seu nome na listaxe que se lles facilitará semanas antes da data de realización da proba final. Recibiranse indicacións ao respecto a través da plataforma FAITIC.

Segunda oportunidade de exame:

1.- No exame de xuño/xullo só realizarase unha proba final, que constará de dúas partes: unha práctica escrita (na que se resolverán un ou varios casos prácticos) e unha teórica oral (na que se formularán distintas preguntas sobre o temario da materia).

2.- O alumnado que se someteu ao sistema de avaliación continua conservará a nota que obtivo no curso.

3.- Para os alumnos que non se someten a avaliación continua ou que queden excluídos do devandito sistema: a súa cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico oral e o 30% da cualificación obtida no exame práctico escrito, sendo este último diferente ao que realicen os alumnos de avaliación continua.

4.- Aos alumnos que se someteron ao sistema de avaliación continua e non superasen a proba final nin na primeira oportunidade de exame nin na segunda, conserváraselles a nota obtida a través de devandito sistema durante curso académico seguinte, sempre que o alumno manifeste o seu acordo.

CONVOCATORIA FIN DE CARREIRA

O exame da convocatoria de Fin de carreira será unha proba teórico-práctica escrita, cuxa cualificación será o 100% da nota. A cualificación estará integrada polo 70% da cualificación obtida no exame teórico e o 30% da cualificación obtida no exame práctico. Non se terá en conta en ningún caso a avaliación continua do ano anterior.

METODOLOXÍA E AVALIACIÓN DA MODALIDADE SEMIPRESENCIAL

NORMAS BÁSICAS DE SEMIPRESENCIALIDADE:

Art. 6 do Regulamento da Modalidade Semipresencial: *Avaliación. Na guía docente da materia, deberá estar claramente especificado o tipo de avaliación e a súa puntuación. No cronograma da materia deberán estar sinaladas as datas nas que deben estar realizadas e entregadas as probas e/ou a data da proba final no caso de establecerse. O profesorado procurará, na medida do posible, que a avaliación da materia se realice na súa totalidade de maneira continua e virtual, sen proba final presencial. En todo caso, é obrigatorio que a avaliación continua online supoña polo menos o 40% da nota, e a proba final (que poderá esixirse na súa modalidade presencial) supoña como máximo o 60% da nota total da materia. No caso de que estea prevista a realización dunha proba final de maneira presencial, esta coincidirá coa data e hora fixada no calendario do Centro (a mesma data que para o alumnado da modalidade presencial)*

"

Normas aplicables ao alumnado semipresencial:

- 1.- O alumnado matriculado na modalidade semipresencial comprométese co equipo docente a seguir un réxime de avaliación continua semipresencial, que implica a participación presencial ou virtual nas actividades que o profesorado deseñe para esa modalidade.
- 2.- A modalidade semipresencial supón a avaliación continua da aprendizaxe do alumnado. A tal fin establécese con carácter xeral, que a proba final obrigatoria terá lugar de modo presencial na data e hora establecidas no calendario de exames aprobado pola Xunta de Facultade, supondo o 60% da nota global. Este exame final estará integrado por unha proba teórico-oral e unha proba práctica escrita. O 40% restante corresponderase coa avaliación continua, que pode realizarse ben a través de medios virtuais (empregando a plataforma FAITIC) ou ben asistindo ás sesións prácticas presenciais distribuídas ao longo do cuadrimestre.
- 3.- O alumnado que non participe en máis do 90% das actividades "de avaliación continua semipresencial" propostas polo profesorado, será avaliado nun 100% en función dos resultados obtidos na proba final teórico-práctica (70% a parte teórica oral, e 30% a parte práctica escrita)

Art. 4 Regulamento da modalidade semipresencial:

"Material docente: A docencia na modalidade semipresencial esixe que o estudantado dispoña de materiais de estudo especificamente adaptados. Por este motivo, entre as obrigas docentes está implícita a realización e posta a disposición do alumnado por parte do profesorado, dos correspondentes materiais, libros, guías de estudo, probas de autoavaliación, etc. Os Departamentos velarán por que a calidade dos materiais elaborados sea adecuada. En todo caso, será obriga do persoal docente suministrar a seguinte información en cada asignatura tanto na guía docente como no espazo da plataforma habilitada a tal efecto: a) a presentación da asignatura indicando ademáis o horario e lugar das titorías presenciais, e se as titorías online se realizarán no horario das titorías presenciais. b) O cronograma da asignatura, onde se sinalen: as semanas lectivas, os días onde poden asistir voluntariamente á clase práctica presencial, e as datas de entrega de actividades/probas, incluída en caso de existir, a data da proba final. c) Os materiais de estudo e/ou a indicación da bibliografía básica para superar a asignatura. Estes aspectos quedarán baixo a supervisión da Coordinación do Grao en Dirección e Xestión Pública e a Coordinación dos diferentes Módulos do Grao. d) As probas de avaliación continua (parcial ou total)"

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Pérez Royo, F., Derecho Financiero y Tributario., Civitas - Thomson Reuters, 2017, Madrid

Moreno González, S., Sánchez Lopez, M.E.; Carrasco Parrilla, P.J., El ordenamiento tributario y presupuestario local: análisis interno y comunitario, Tirant lo Blanch, 2016, Valencia

Thomson-Aranzadi, Civitas, McGraw-Hill, Textos Legales de la Parte General y Especial del Derecho Financiero y Tributario, 2017,

Bibliografía Complementaria

FERREIRO LAPATZA, J.J y otros, Curso de Derecho Tributario, última edición,

López Martínez, J., La reforma de la financiación territorial, Tirant lo Blanch, 2017, Valencia

Pablos Mateos, F., Autonomía y suficiencia financiera de la hacienda municipal, Aranzadi, 2016, Navarra

Álvarez Dumont, A. (Coord.), Manual de ordenanzas fiscales e informes económico-financieros, La Ley Actualidad, 2015,

Cubero Truyo, A., Medidas fiscales de las Comunidades Autónomas aprobadas mediante decretos-leyes : recopilación y análisis crítico, Dykinson, 2016, Madrid

Pita Grandal, A.Mª. (Coordinadora), Textos y casos prácticos de Derecho Financiero y Tributario II, Tórculo, 2001, Santiago de Compostela

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito administrativo I/P04G091V01101

Dereito: Dereito constitucional/P04G091V01102

Dereito financeiro e tributario/P04G091V01304

Xestión tributaria/P04G091V01505

Técnicas de xestión orzamentaria/P04G091V01605

Outros comentarios

As modalidades presencial e semipresencial do Grao en Dirección e Xestión Pública, comparten un mesmo plan de estudos, cuxas materias (de 1º a 4º) axudan a desenvolver unha aprendizaxe de competencias baseado na avaliación continua.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Modelos de mellora continua nas administracións públicas e o sector non lucrativo**

| | | | | |
|--------------------|---|----------------|------------|--------------------|
| Materia | Modelos de mellora continua nas administracións públicas e o sector non lucrativo | | | |
| Código | P04G091V01905 | | | |
| Titulación | Grao en Dirección e Xestión Pública | | | |
| Descritores | Creditos ECTS 6 | Carácter OP | Curso 4 | Cuadrimestre 1c |
| Lingua impartición | Galego | | | |
| Departamento | Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía | | | |
| Coordinador/a | Briones Gamarra, Óscar | | | |
| Profesorado | Briones Gamarra, Óscar | | | |
| Correo-e | oscarbriones@uvigo.es | | | |
| Web | http://www.faitic.uvigo.es | | | |
| Descrición xeral | Introducir ao alumno nos principais modelos e procesos de calidade dende a filosofía da mellora continua tanto para o ámbito das Administracións públicas como para o sector non lucrativo. | | | |

Competencias

| Código | | Tipoloxía |
|--------|--|--------------------------------------|
| CB2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. | • saber • saber facer |
| CG2 | Capacidade de analizar, sintetizar e integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos con información limitada | |
| CG4 | Comunicación a través de Internet e, en xeral, manexo de ferramentas multimedia para a comunicación a distancia | • saber facer • Saber estar / ser |
| CG5 | Ser capaz de interpretar datos derivados das observacións en relación coa súa significación e relacionalos coas teorías apropiadas no ámbito da dirección e xestión pública | • saber |
| CG8 | Receptividade ante o cambio (interno e externo) e capacidade de adaptación a novas contornas ou circunstancias (adaptabilidade) e de aprendizaxe | • saber facer |
| CG9 | Ser capaz de recoñecer e implementar boas prácticas derivadas de procesos e accións como base para a innovación e a creatividade | • saber facer • Saber estar / ser |
| CG10 | Compromiso coa eficacia e a eficiencia do traballo do sector público e outras entidades | • saber facer |
| CE1 | Coñecer o marco xurídico-legal das administracións públicas españolas | • saber |
| CE4 | Reflexionar sobre os elementos dos sistemas administrativos (institucións, actores, ideas) e comprender o seu funcionamento práctico nun contexto multinivel | • saber |
| CE8 | Saber aplicar métodos, modelos e técnicas de datos cualitativos e cuantitativos (estadísticos) para procesos de xestión e dirección pública | |
| CE9 | Entender o papel das administracións públicas no proceso das políticas públicas e aplicar o método de análise | • saber • saber facer |
| CE33 | Saber aplicar técnicas de control de calidade nas AA. PP. e comprender os indicadores cuantitativos e cualitativos básicos da xestión pública | |
| CE34 | Capacidade de formulación de problemas, análises de solucións e desenvolvemento de prácticas entre actores multinivel | |
| CT7 | Motivación pola calidade e a mellora continua e a innovación | • saber |
| CT12 | Capacidade de iniciativa e espírito emprendedor | • saber facer |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
|---|---|
| Aplicar na práctica as principais tendencias da calidade na Administración Pública tendo en conta os factores organizacionais necesarios para unha correcta implementación. | CB2 CG2 CG5 CG8 CT7 CT12 |

| | |
|---|--|
| Saber aplicar técnicas de control de calidade nas AAPP | CG4 CG8 CG9 CG10 CE33 CE34 CT7 |
| Analizar a complexidade dos procesos de innovación na Administración Pública. | CG2 CE1 CE4 CE8 CE9 |
| Conectar debidamente as observacións do comportamento organizacional cas principais tendencias da xestión da calidade na Administración Pública. | CG5 |
| Adaptar os procesos de acción pública ás novas metodoloxías da calidade. | CG8 |
| Asimilar a transferencia de experiencias empíricas sofisticando os sistemas para detectar melloras en calquera sistema dunha Administración Pública concreta. | CG9 CT7 CT12 |

Contidos

| Tema | |
|---|---|
| 1. O entorno da calidade nas administracións públicas | Semana1. A orixe histórica da calidade Semana2. A calidade na xestión pública actual |
| 2. Algunhas ferramentas clave | Semana 3. A detección de expectativas dos usuarios. Semana 4. A xestión por indicadores |
| 3. Modelos consolidados: Cartas de Servizo | Semana 5. Orixe e estrutura principal Semana 6. Elaboración, negociación e publicación |
| 4. Modelos consolidados: Modelos de autoevaluación | Semana 7. Modelos de Autoevaluación con especial referencia ao Modelo EFQM Semana 8. Modelo EVAM |
| 5. Modelos consolidados | Semana 9. A normalización: normas ISO e o modelo CAF |
| 6. O aproveitamento da innovación como mellora continua | Semana 10. A xestión do talento Semana 11. Sistematización de procesos de aproveitamento da innovación |
| 7. Ferramentas para a calidade | Semana 12. Experiencias próximas de innovación aplicada ás AA.PP. Semana 13. Ferramentas de percepción Semana 14. Ferramentas de xestión |
| 8. A institucionalización da calidade | Semana 15. Os principais organismos e normativas para a institucionalización da calidade Semana 16. Revisión integral da calidade no momento actual: as experiencias punteiras en materia de calidade. |

Planificación docente

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Estudo de casos | 6 | 12 | 18 |
| Resolución de problemas | 6 | 9 | 15 |
| Lección maxistral | 35 | 70 | 105 |
| Resolución de problemas | 2 | 2 | 4 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 2 | 4 | 6 |
| Exame de preguntas obxectivas | 2 | 0 | 2 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-----------------|--|
| Estudo de casos | Exposición e explicación de casos relacionados cos tópicos do temario nos que se pon de manifesto a aplicación de metodoloxías de Mellora Contínua e Control de Calidade nas Administracións Públicas. |

| | |
|-------------------------|---|
| Resolución de problemas | Exercicios de aplicación de Metodoloxías de Controlde Calidade e Mellora continua nas Administracións Públicas e no Sector non lucrativo. |
| Lección maxistral | Exposición a cargo do profesor das principais teorías no ámbito da calidade e a mellora continua. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|-------------------------|--|
| Estudo de casos | O alumnado tanto da modalidade presencial como semipresencial poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe Atenderáse ao alumno/a para resolver os problemas que teña con actividades desta metodoloxía, tanto fisicamente nas titorías consignadas como vía correo electrónico. |
| Resolución de problemas | O alumnado tanto da modalidade presencial como semipresencial poderá resolver dúbidas con relación a algún aspecto da materia (contido, traballo ou prácticas), así como atención ás súas necesidades e consultas relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa disciplina, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe Atenderáse ao alumno/a para resolver os problemas que teña con actividades desta metodoloxía, tanto fisicamente nas titorías consignadas como vía correo electrónico. |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|---------------------------------------|---|---------------|---------------------------------|
| Lección maxistral | Asistencia e participación activa nas sesións da aula. | 10 | CB2 |
| Estudo de casos | Resolución de casos prácticos e actividades propostas en clase. | 20 | CG2 CG4 CG5 CG8 CG9 |
| Resolución de problemas | Resolución de problemas de aplicación de Metodos de Mellora Contínua. Exercizos sobre lecturas ou materiais audiovisuais propostos en clase. | 20 | CG2 CG4 CG5 CG8 CG9 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Exercicio con preguntas de resposta de desenvolvemento | 10 | CB2 CG2 CG4 |
| Exame de preguntas obxectivas | Proba tipo test que incluírá pequenos casos prácticos sobre aspectos conceptuais da materia. | 40 | CB2 CG2 CG4 |

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación no que respecta ao exame final da materia na convocatoria de Xulio sera similar á estrutura e configuración das probas realizadas na convocatoria ordinaria.

Os alumn@s poderán presentarse exclusivamente á proba final da materia, sen prácticas ou traballos de avaliación continua; porén as posibilidades de superar a materia redúcense moito ao remitirse todo á nota final acadada no exame.

Segundo o Art.4.-Material docente do Regulamento da modalidade Semipresencial:

La docencia en la modalidad semipresencial exige que los/as estudiantes dispongan de materiales de estudio específicamente adaptados. Por este motivo, entre las obligaciones docentes se encuentra implícita la realización y puesta a disposición del alumnado por parte del profesorado, de los correspondientes materiales, libros, guías de estudio, pruebas de autoevaluación, etc. Los Departamentos velarán por que la calidad de los materiales elaborados sea la adecuada. En todo caso, será una obligación por parte del personal docente, suministrar la siguiente información en cada asignatura tanto en la guía docente como en el espacio de la plataforma habilitada al efecto:

- la presentación de la asignatura indicando además el horario y lugar de las tutorías presenciales, y si las tutorías online se realizarán en el horario de las tutorías presenciales.
- el cronograma de la asignatura, donde se señalen: las semanas lectivas, los días donde pueden asistir voluntariamente a la clase práctica presencial, y las fechas de entrega de actividades/pruebas, incluida, en caso de haberlo, la fecha de la

prueba final□.

c) los materiales de estudio y/o la indicación de la bibliografía básica para superar la asignatura. Estos aspectos quedarán bajo la supervisión de la Coordinación del Grado en Dirección y Gestión Pública y la Coordinación de los diferentes Módulos del Grado.

d) las pruebas de evaluación continua (parcial o total)

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|--|--|---------------|------------------------|
| Aprendizaxe co apoio do titor | Sesións presenciais e utilización foro de dúbidas e atención tutorial | 15% | CB1; CB2 |
| Tarefas orientadas a afondar no coñecemento puntos centrais da materia | Participación en foros de discusión e realización de prácticas e exposicións | 35% | CG2;CG4; CG5; CG8; CG9 |
| Proba obxectiva sobre os contidos da materia | Realización dunha proba obxectiva | 50% | CB1; CB2; CG2; CG4 |

Segundo o artigo 6 do regulamento da modalidade semipresencial: En la guía docente de la materia, deberá estar claramente especificado el tipo de evaluación y su puntuación. En el cronograma de la asignatura deberán estarseñaladas las fechas en las que deben estar realizadas y entregadas las pruebas y/o la fecha de la prueba final en el caso de establecerse. El profesorado procurará, en la medida de lo posible, que la evaluación de la asignatura se realice en su totalidad de manera continua y virtual, sin prueba final presencial. En todo caso, es obligatorio que la evaluación continua online suponga al menos el 40% de la nota, y la prueba final (que podrá exigirse en su modalidad presencial) suponga como máximo el 60% de la nota total de la asignatura. En el caso de que esté prevista la realización de una prueba final de manera presencial, ésta coincidirá con la fecha y hora fijada en el calendario del Centro (la misma fecha que para el alumnado de la modalidad presencial)

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

BADÍA GIMÉNEZ, A. y BELLIDO, S., Técnicas de gestión de la calidad., Ed. Tecnos): , Madrid (1999.,

BADÍA GIMÉNEZ, A., Calidad: modelo ISO 9001 versión 2000., Ed. Deusto, Bilbao. (2002);,

CUATRECASAS, L., Gestión integral de la calidad. Implantación, control y certificación., : Ed. Gestión (1999),

EVANS, J. y LINDSAY, W., Administración y control de calidad., Ed International Thompson Editores, (2000);,

ISHIKAWA, K., Introducción al control de calidad., Ed. Díaz de Santos, Madrid. (1994);,

LLORENS MONTES, F. J. y FUENTES FUENTES, M., Calidad total. Fundamentos e implantación., Ed. Pirámide, Madrid. (2000),

PFEIFER, T. y TORRES, F, Manual de gestión e ingeniería de la calidad., Ed. Mira Editores (1999),

RUIZ-CANELA LÓPEZ J.L., La gestión por calidad total en la empresa moderna, Ed. RaMa, 2003,

VILAR BARRIO, J. F., Cómo implantar y gestionar la calidad total, Ed. Fundación Confemetal, Madrid. (1997),

MAP, GUÍA EFQM, 2006,

Recomendacións

DATOS IDENTIFICATIVOS**Participación política e sociedade civil**

| | | | | |
|--------------------|---|----------|-------|--------------|
| Materia | Participación política e sociedade civil | | | |
| Código | P04G091V01906 | | | |
| Titulación | Grao en Dirección e Xestión Pública | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 4 | 1c |
| Lingua impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía | | | |
| Coordinador/a | López Mira, Álvaro Xosé | | | |
| Profesorado | López Mira, Álvaro Xosé | | | |
| Correo-e | almira@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | Nesta materia trataremos de achegar ao/á estudante o funcionamento real dos principais actores das democracias contemporáneas, singularizándoos nos máis determinantes das democracias representativas, os partidos políticos e os novos movementos que -aínda- xogan coas vellas regras e, como non, nos sistemas electorais a través dos cales se canaliza a vontade popular da sociedade civil que logo aqueles interpretan. Finalmente, analizaremos algúns deses sistemas electorais comparados máis relevantes, nos que visualizaremos brevementes cadansúas culturas democráticas. | | | |

Competencias

| Código | | Tipoloxía |
|--------|--|---|
| CB1 | Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. | • saber |
| CB2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. | • saber • saber facer |
| CB3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. | • saber • saber facer |
| CB4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. | • saber facer • Saber estar / ser |
| CB5 | Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. | • saber facer |
| CG1 | Habilidades na procura de información, en relación con fontes de información primarias e secundarias, incluíndo o uso de computadores para procuras en liña | • saber • saber facer |
| CG2 | Capacidade de analizar, sintetizar e integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos con información limitada | • saber • saber facer • Saber estar / ser |
| CG3 | Capacidade de escoita, de lectura comprensiva e habilidades de comunicación oral e escrita | • saber • saber facer |
| CG13 | Compromiso cos Dereitos humanos, a igualdade, a xustiza e o desenvolvemento sustentable. | • Saber estar / ser |
| CE40 | Comprender o funcionamento das democracias contemporáneas, o comportamento político e as súas "culturas políticas" | • saber |
| CT1 | Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos | • saber facer |
| CT4 | Habilidade para a resolución independente de problemas en relación con información cualitativa e cuantitativa | • saber facer |
| CT8 | Capacidade para o traballo cooperativo en equipo/grupo e aberto a diferentes puntos de vista e opinións | • Saber estar / ser |
| CT9 | Capacidade para o razoamento crítico creativo e o autocrítico | • saber facer |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
|--|--------------|
| Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo. | CB1 |

| | |
|--|------|
| Saber aplicar os seus coñecementos ao traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo. | CB2 |
| Ter a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. | CB3 |
| Poder transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado. | CB4 |
| Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía. | CB5 |
| Habilidades na busca de información, en relación con fontes de información primarias e secundarias, incluíndo o uso de ordenadores para buscas en liña | CG1 |
| Capacidade de analizar, sintetizar e integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos con información limitada | CG2 |
| Capacidade de escoita, de lectura comprensiva e habilidades de comunicación oral e escrita | CG3 |
| Compromiso cos Dereitos humanos, a igualdade, a xustiza e o desenvolvemento sostible | CG13 |
| Comprender o funcionamento das democracias contemporáneas, o comportamento político e as súas culturas políticas | CE40 |
| Capacidade de análise e síntese para a elaboración e defensa de argumentos | CT1 |
| Habilidade para a resolución independente de problemas en relación con información cualitativa e cuantitativa | CT4 |
| Capacidade para o traballo cooperativo en equipo/grupo e aberto a diferentes puntos de vista e opinións | CT8 |
| Capacidade para o razoamento crítico creativo e o autocrítico | CT9 |

Contidos

Tema

| | |
|--|---|
| I. Participación política: concepto e tipoloxía. | <p>I.- PARTICIPACIÓN POLÍTICA</p> <p>TEMA I.- Democracia e eleccións. 1.A democracia como sistema político. 2.Breve historia das eleccións: do mandato imperativo ao sufraxio universal. 3.- Funcións clásicas das eleccións e crise da democracia representativa. 4.Os medios de comunicación de masas e os sistemas democráticos. As tendencias cara á americanización dos sistemas políticos. 5.Democracia representativa e democracia directa.</p> |
| II. Actores da participación política. | <p>II.- PRINCIPAIS ACTORES DA PARTICIPACIÓN POLÍTICA: PARTIDOS E SISTEMAS DE PARTIDOS</p> <p>TEMA II.- Os partidos políticos. 1.A orixe dos partidos políticos. 2.Breve historia dos partidos. 3.Concepto, funcións e tipoloxía. 4.Estatuto xurídico. 5.Estructura, organización e goberno dos partidos. 6.O financiamento dos partidos.</p> <p>TEMA III.- Sistemas de partidos. 1.Definición. 2.Clasificacións.</p> <p>TEMA IV.- Partidos políticos e sistemas de partidos no Estado español. 1.Estatuto xurídico e financiamento. 2.Descripción e evolución dos principais partidos. 3.Sistemas e subsistemas de partidos.</p> |

III. Eleccións e sistemas electorais. A intervención III.- ELECCIÓN E SISTEMAS ELECTORAIS. A INTERVENCIÓN DA SOCIEDADE da sociedade civil CIVIL

TEMA V.- O sistema electoral e os seus elementos.

1.Noción e elementos do sistema electoral. Aspectos sociolóxicos.
2.Electores e elixibles. 3.O distrito ou circunscrición electoral. 4.A fórmula electoral. 5.A barreira electoral. 6.A modalidade de voto. Formas de emisión do voto. 5.O proceso electoral e a súa organización.

TEMA VI.- Tipoloxía dos sistemas electorais.

1.Sistemas maioritarios, proporcionais e mixtos. 2.Representatividade, gobernabilidade e lexitimidade. 3.Sistemas electorais e sistemas de partido.

TEMA VII.- Os sistemas electorais españois.

1.Eleccións xerais. 2.Eleccións autonómicas. Especial referencia a Galicia. 3.Eleccións locais. 4.Eleccións europeas.

TEMA VIII.- Sistemas electorais maioritarios.

1.O sistema electoral británico. 2.O sistema electoral estadounidense. 3.O sistema electoral canadense. 4.O sistema electoral francés.

TEMA IX.- Sistemas electorais proporcionais e mixtos.

1.O sistema electoral alemán. 2. O sistema electoral portugués. 3.O sistema electoral italiano. 4.O sistema electoral irlandés. 5.O sistema electoral suízo. 6.Os sistemas electorais escandinavos.

Planificación docente

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Seminario | 15 | 0 | 15 |
| Presentación | 10 | 50 | 60 |
| Lección maxistral | 25 | 0 | 25 |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | 1 | 49 | 50 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|-------------------|--|
| Seminario | Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou complementar os contidos da materia |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun traballo ou estudo de caso |
| Lección maxistral | Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto do estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------------------------|--|
| Seminario | Rexerán os mesmos criterios de avaliación da sesión maxistral |
| Lección maxistral | Valorarase a asistencia proactiva (penalizándose a negativa), a capacidade de atención e asimilación conceptual, a actitude persoal e a participación coherente no seguimento do programa. |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun traballo ou estudo de caso |
| Probas | Descrición |
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Valorarase a capacidade de expresión escrita, a capacidade de síntese conceptual e a capacidade de relación entre ámbitos temáticos do programa |

Avaliación

| Descrición | Cualificación | Competencias Avaliadas |
|------------|---------------|------------------------|
|------------|---------------|------------------------|

| | | | |
|-------------------|---|--------|--|
| Seminario | Rexerán os mesmos criterios de avaliación da sesión maxistral | Ata 10 | CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG2 CG3 CG13 CE40 CT1 CT4 CT8 CT9 |
| Lección maxistral | Valorarase a asistencia proactiva (penalizándose a negativa), a capacidade de atención e asimilación conceptual, a actitude persoal e a participación coherente no seguimento do programa | Ata 10 | CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG2 CG3 CG13 CE40 CT1 CT4 CT8 CT9 |
| Presentación | Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun traballo ou estudo de caso | Ata 40 | CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG2 CG3 CG13 CE40 CT1 CT4 CT8 CT9 |

| | | | |
|---------------------------------------|---|--------|--|
| Exame de preguntas de desenvolvemento | Valorarase a capacidade de expresión escrita, a capacidade de síntese conceptual e a capacidade de relación entre ámbitos temáticos do programa | Ata 40 | CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG1 CG2 CG3 CG13 CE40 CT1 CT4 CT8 CT9 |
|---------------------------------------|---|--------|--|

Outros comentarios sobre a Avaliación

Este modelo de avaliación e as súas metodoloxías serán aplicables para os estudantes que escollan a opción de presencialidade.

Os criterios de avaliación serán idénticos para as dúas probas/convocatorias do curso.

O alumnado da modalidade semipresencial rexerese polos criterios establecidos no Regulamento da Modalidade Semipresencial aos efectos da docencia e da avaliación. Concretamente, na materia "Sistema político español e galego", quen opte pola avaliación continua a través dos diferentes foros de debate ou discusión que se formularán ao longo do semestre poderá acadar ata un 40% da cualificación final e o 60% restante na proba final. En todo o demais terán validez os criterios establecidos nesta guía.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

BOSCH, A. y VALLÉS, J.M., Sistemas electorales y gobierno representativo, Alianza, 1993

COTARELO, R., Los partidos políticos, Sistema, 1996

LÓPEZ MIRA, ÁLVARO X., Sistema político español e galego, Andavira, última edición

MARTÍNEZ SOSPEDRA, M., Introducción a los partidos políticos, Ariel, 1996

Bibliografía Complementaria

CAMINAL, C., Manual de Ciencia Política, Tecnos, 1996

COLOMER, J.M., Cómo votamos, Gedisa, 2004

DALTON, RUSSELL J., Citizen Politics: public opinion and political parties in advanced industrial democracies, Seven Bridges Press, 2002

DEL CASTILLO, P., Comportamiento político y electoral, CIS, 1994

VARIOS, Partidos políticos. Viejos conceptos y nuevos retos, Trotta, 2007

Recomendacións

Outros comentarios

As modalidades presencial e semipresencial do Grao en Dirección e Xestión Pública comparten un mesmo plano de estudos, cuxas materias (de 1º a 4º) axudan a desenvolver unha aprendizaxe de competencias baseada na avaliación continua.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Socioloxía do desenvolvemento local**

| | | | | |
|--------------------|---|----------|-------|--------------|
| Materia | Socioloxía do desenvolvemento local | | | |
| Código | P04G091V01908 | | | |
| Titulación | Grao en Dirección e Xestión Pública | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Carácter | Curso | Cuadrimestre |
| | 6 | OP | 4 | 1c |
| Lingua impartición | Castelán Inglés | | | |
| Departamento | Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía | | | |
| Coordinador/a | Torres Outón, Sara María | | | |
| Profesorado | Torres Outón, Sara María | | | |
| Correo-e | saratorres@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |
| Descrición xeral | O desenvolvemento local constitúe, na actualidade, un importante xacemento de emprego xa que as diferentes entidades, públicas ou privadas, con ámbito de actuación local emprenden proxectos que demandan un maior nivel de profesionalización e a participación de equipos de traballo multidisciplinares. Estes proxectos e o modo de actuación no ámbito local requiren dunha análise dos recursos e identificación de oportunidades. Nesta materia, abordarase o estudo do desenvolvemento local desde unha perspectiva integral que preste especial atención ás relacións sociais e a interacción dos actores participantes. O obxectivo central da materia será dotar aos alumnos de coñecementos e técnicas para afrontar con éxito iniciativas de desenvolvemento local. | | | |

Competencias

| Código | | Tipoloxía |
|--------|--|---------------------|
| CB3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética. | • saber facer |
| CG1 | Habilidades na procura de información, en relación con fontes de información primarias e secundarias, incluíndo o uso de computadores para procuras en liña | • saber facer |
| CE37 | Capacidade de análise e identificación de oportunidades de desenvolvemento existentes a través do aproveitamento dos recursos dispoñibles | • saber facer |
| CT8 | Capacidade para o traballo cooperativo en equipo/grupo e aberto a diferentes puntos de vista e opinións | • Saber estar / ser |
| CT9 | Capacidade para o razoamento crítico creativo e o autocrítico | • Saber estar / ser |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias |
|---|--------------|
| Identificar oportunidades e detectar ameazas nun territorio concreto, tendo en conta todos os seus recursos | CG1 CE37 |
| Explicar os procesos que teñen lugar nun territorio a partir de teorías científicamente aceptadas e conceptos apropiados. | CB3 CT9 |
| Identificar recursos e propor accións que posibiliten a mellora da calidade de vida das poboacións e comunidades dun territorio | CE37 CT8 |
| Deseñar propostas de intervención a partir da información dispoñible | CG1 |
| Establecer formas de traballo *colaborativo que xere decisións consensuadas | CT8 |
| Comparar casos e elaborar informes sobre validez, ou necesidades de mellora, de estratexias de desenvolvemento local | CB3 CT9 |

Contidos

| Tema | |
|---|---|
| Tema 1: Estado da cuestión: | 1.1. A emerxencia do suxeito local 1.2. Cambio no modelo productivo 1.3. O significado do Desenvolvemento local: definición |
| Tema 2: Desenvolvemento local e cambio social | 2.1. Teorías de cambio social 2.2. Desenvolvemento e Comunicación |
| Tema 3: Actores do desenvolvemento Local | 3.1. Os actores do desenvolvemento local 3.2. O papel das administracións 3.3. Participación dos axentes |

Tema 4: Recursos e diagnóstico do desenvolvemento local:

- 4.1. Medio Físico: recursos físicos e infraestruturas.
- 4.2. Recursos socioeconómicos: recursos humanos, actividade económica e mercado de traballo
- 4.3. Equipamentos: servizos básicos e aspectos socioculturais
- 4.4. Metodoloxías de análises: diagnóstico e implementación da acción

Tema 5: Experiencias de desenvolvemento local

- 5.1. Diferentes programas, múltiples oportunidades (exemplos)
- 5.2. Globalización: retos e oportunidades

Planificación docente

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Actividades introdutorias | 3 | 0 | 3 |
| Seminario | 10 | 20 | 30 |
| Lección maxistral | 24 | 0 | 24 |
| Traballos de aula | 10 | 10 | 20 |
| Probas de resposta curta | 2 | 30 | 32 |
| Traballo | 1 | 18 | 19 |
| Estudo de casos | 1 | 10 | 11 |
| Resolución de problemas | 1 | 10 | 11 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---------------------------|--|
| Actividades introdutorias | Achegamento ás teorías de desenvolvemento local e principais conceptos |
| Seminario | Traballo grupal sobre aspectos actuais del desenvolvemento local. |
| Lección maxistral | Exposición dos temas centrais do desenvolvemento local así como metodoloxías de análise. Aproximación ós principais recursos, interpretación de datos. aplicación do coñecemento e redacción de informes |
| Traballos de aula | Realización de traballos no aula baixo as indicacións do docente. Actividades *grupales. |

Atención personalizada

| Probas | Descrición |
|-------------------------|--|
